

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 05/07/2014.**

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.

Concelleira ausente:

D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día cinco de xullo de dous mil catorce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de maio do presente ano dous mil catorce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. ACORDOS RELATIVOS AO CAMBIO DA SEDE MUNICIPAL.

Dase conta da proposta da Alcaldía en relación co asunto, que o Sr. Soto le e que literalmente di:

“Coa creación dos municipios no segundo cuarto do século XIX, o Concello de San Sadurniño dotouse dunha Casa consistorial, que estaba situada nunha antiga vivenda, no lugar de Agra.

En 1863 a corporación municipal, presidida polo alcalde Justo Álvarez Sierra, decide cambiar de sede, levándoa a un recanto do Convento do Rosario, lugar no que



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

permanecería 151 anos. Pero o cambio non foi por iniciativa propia, senón por mor dunha obriga legal.

A Lei Moyano, de 1857, a primeira lei de instrución pública, obrigaba a todos os concellos a dotárense de escola pública, tendo que contar cunhas instalacións educativas dignas e vivendas para o profesorado.

Deste xeito, unha comisión formada por catro concelleiros tentou inutilmente atopar un local axeitado en San Sadurniño, e concluíron no seu informe *"que ni uno solo (edificio) halló que reúna las condiciones más indispensables y por consiguiente tuvo que fijarse en el ex-convento de Dominicos, cuya capacidad ofrece, en gran escala, suficiente espacio no solo para excelentes salas de enseñanza y habitación de los maestros, sino también para la casa consistorial"*.

Curiosamente, aplicada a desamortización de Mendizábal ao Convento do Rosario en 1836, o Concello considerara que "o edificio non tiña ningunha utilidade", e de feito tentou poñelo en venda, aínda que sen éxito. Por esta razón, e por mor do uso relixioso da igrexa, finalmente o edificio dedicouse por enteiro a casa reitoral.

Nembargante, perante a necesidade de novas instalacións e logo da petición do Concello, o párroco de Santa María de San Sadurniño, daquela Manuel Moreira, aceptou de bo grao a petición e ofertou espazos do xa deteriorado edificio conventual para sede do Concello, escolas e vivendas de mestres: *"el edificio que desde la escalera principal sube al claustro hasta la sacristía en el bajo; y en el alto hasta la pieza que fue depósito"*.

Así, na sesión municipal celebrada o 17 de xuño de 1863 aceptábase a proposta de cesión feita polo párroco, e se lle encargaba o proxecto ó "Ingeniero de caminos y canales José Portela, que está construyendo la carretera", e que o fará no seu tempo libre.

Ao fin, o Bispo de Mondoñedo, en oficio do 13 de outubro de 1863, aproba o proxecto definitivo da cesión. Deste xeito foi como o Concello de San Sadurniño dispuxo dunha sede digna, na cal, durante os seguintes 150 anos, se concentraron os diferentes servizos municipais.

Ora ben, as actuais necesidades organizativas e de funcionamento dos servizos municipais non se podían desenvolver amplamente nestas instalacións, por mor das limitacións de espazo e da configuración do propio edificio.

Entrementres, outro edificio importante de San Sadurniño, o Pazo da Marquesa, foi pasando de ser sede da nobreza local, a colexio e internado de mozas, para finalmente ficar abandonado e sen uso.

Ante o grave estado do edificio, o Concello teimou, dende 2008, en procurar unha solución a esta situación, e finalmente o 27 de novembro de 2010 a congregación das *Hijas de Cristo Rey* asinan co Concello a cesión da propiedade do complexo do Pazo da Marquesa.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Debido ás limitacións existentes na Casa consistorial do convento, así como á necesidade da urxente recuperación patrimonial dos novos edificios, a corporación toma a decisión de que o Pazo da Marquesa debería ser a nova Casa do Concello, tendo como obxectivo final a mellora da calidade dos servizos municipais.

Por este motivo, entre 2011 e 2014 acometeuse a rehabilitación integral do Pazo, así como o seu acondicionamento externo, e a súa dotación cun novo equipamento, ata o converter nunha Casa consistorial atractiva, que conxuga a conservación e posta en valor do patrimonio coa funcionalidade e a mellora da calidade no servizo.

Tendo en conta estes antecedentes, o Pleno da corporación municipal

ACORDA

Fixar a sede municipal no edificio coñecido como "Pazo da Marquesa", con enderezo no lugar do Casal nº 16, parroquia de San Sadurniño.

En virtude da normativa vixente, a nova Casa do Concello é un ben de dominio e servizo público."

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a proposta de que se trata.

TERCEIRO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN S.

Non hai acordos ou resolucións de especial importancia, e os concelleiros poden ter acceso a eles mediante as actas da Xunta de Goberno Local, nas que constan.

CUARTO. MODIFICACION DE CRÉDITOS Nº 1/2014.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos número 01/2014, da modalidade de xeración de créditos, no que consta o informe favorable do interventor. O día 30/06/14 Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento que había que seguir, e o día 01/07/14 Intervención informou favorablemente da proposta da Alcaldía. O expediente ven motivado pola aprobación do Plan DTC93 por parte da Deputación Provincial, e coa consignación resultante, realizarase a obra para a que xa foi aprobado o proxecto, a de ensanche e aglomerada da pista de Bidueda ó Chao de Campolabrado.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

As altas en aplicacións ou partidas de Gastos son as que seguidamente se indican:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
459 – 601	206958,12	149.157,06	356.115,18

As altas en Partidas de Ingresos detállanse de seguido:

Partida: capítulo, artigo e concepto	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
761	10.584,80	149.157,06	159.741,86

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 01/2014, ordeando a realización, coa brevidade posible, dos trámites necesarios para a súa aplicación ó presuposto vixente.

QUINTO. MODIFICACION DE CRÉDITOS Nº 2/2014.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos número 02/2014, coa modalidade de suplementos de crédito financiados con remanente de tesourería, no que consta o informe favorable do interventor. O día 30/06/14 Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento que había que seguir, e o día 01/07/14 Intervención informou favorablemente da proposta da Alcaldía. O Sr. Soto explica que o expediente ven motivado pola necesidade de abordar obras de reposición de infraestructuras viarias, e que con cargo á consignación resultante, redactarase un proxecto de obras con esta finalidade, no que se concretarán as actuacións a realizar. Di tamén que con esta proposta o seu grupo cumpre co compromiso adoptado cando se aprobou o presuposto, de adicar as cantidades das que se poidera dispor durante o exercicio a incrementar o investimento.

As altas en aplicacións ou partidas de Gastos son as que seguidamente se indican:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
450 – 611	70.000,00	62.746,14	132.746,14

As altas en Partidas de Ingresos detállanse de seguido:

Partida: capítulo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
87	0,00	62.746,14	62.746,14

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Márquez interven para prantexar se non se poderían realizar estas actuacións por administración, para xerar emprego no Concello, e o Sr. Alcalde resposta que neste caso non será posible porque o Concello non ten a maquinaria precisa para estas obras, pero que contratar empresas privadas tamén dinamiza o emprego na zona.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 02/2014, ordeando a realización, coa brevidade posible, dos trámites necesarios para a súa aplicación ó presuposto vixente.

SEXTO. MODIFICACION DE CRÉDITOS Nº 3/2014.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos número 03/2014, coa modalidade de créditos extraordinarios financiados mediante anulacións ou baixas de créditos noutras partidas de gastos, no que consta o informe favorable do interventor. O día 01/07/14 Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento que había que seguir, e o día 03/07/14 Intervención informou favorablemente da proposta da Alcaldía. O Sr. Soto explica que o expediente ven motivado pola solicitude presentada pola UDC Narahío, de axuda económica para financiar obras de acondicionamento e accesibilidade dos aseos da súa sede, na que se realizan actividades organizadas polo Concello e serve tamén de local electoral, e con cargo á consignación resultante, concederíase a esa entidade unha subvención de 10.000 euros. Será preciso incluír, como parte desta modificación, a previsión expresa de sinatura de convenio para concesion dunha subvención nominativa pola expresada cantidade en favor da UDC Narahío na base 28ª de execución do presuposto.

As altas en aplicacións ou partidas de Gastos son as que seguidamente se indican:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
342-781	0,00 (no existe)	10.000,00	10.000,00

As baixas correspondentes en Partidas de gastos detállanse de seguido:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Baixa	Consignación resultante
459-601	206.958,12	10.000,00	196.958,12

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Márquez di que lle parece ben a proposta, porque o local no que se realizarán as obras subvencionadas o precisa. O Sr. Alcalde di que a cantidade pasa dun capítulo de investimento a outro, e que mellora a eficacia transferindo os cartos a entidade solicitante para realizar o investimento.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 03/2014, ordeando a realización, coa brevidade posible, dos trámites necesarios para a súa aplicación ó presuposto vixente.

SÉTIMO. ACORDOS RELATIVOS Á REGULACIÓN DA INCAPACIDADE TEMPORAL PARA O PERSOAL LABORAL DEPENDENTE DO CONCELLO.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta do grupo de goberno, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA, PARA O SEU DEBATE NO PLENO ORDINARIO DO DÍA 5 DE XULLO DE 2014, DO ACORDO DE REGULACIÓN DA INCAPACIDADE TEMPORAL PARA O PERSOAL LABORAL DEPENDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACORDO DE REGULACIÓN DA INCAPACIDADE TEMPORAL PARA O PERSOAL LABORAL DEPENDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

O Concello de San Sadurniño no ámbito das súas competencias, e consonte co establecido no artigo 9 do Real Decreto Lei 20/2012, negociou coa representación laboral a xestión da prestación económica no caso de situacións de incapacidade temporal do persoal laboral municipal.

Con base nesa negociación ambas as partes chegaron ó presente acordo, recollendo as seguintes especificacións:

1. Obxecto e ámbito de aplicación: consonte este acordo o Concello de San Sadurniño complementará as prestacións que percibirá o persoal laboral incluído no Réxime xeral da Seguridade Social ao seu servizo nas situacións de incapacidade temporal (IT).
2. Prestacións nos supostos de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns: o Concello complementará a prestación económica recoñecida pola Seguridade Social, de forma que a suma de ambos os conceptos (prestación económica da Seguridade Social e complemento) alcance as seguintes porcentaxes:
 1. Durante os tres primeiros días: 50% das retribucións que se viñesen percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade
 2. Desde o día cuarto ata o vixésimo, ambos os dous incluídos: 75% das retribucións que se viñesen percibindo no mes anterior ao de se causar a incapacidade
 3. A partir do día vinte e un: abonarase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións que se viñesen percibindo no mes anterior ao de se causar a incapacidade.
3. Prestacións nos supostos de incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais (doenza profesional ou accidente de traballo): o Concello complementará a prestación económica recoñecida pola Seguridade Social, de forma que a suma de ambos os conceptos (prestación económica da Seguridade Social e complemento) acade o 100% das retribucións que se viñesen percibindo no mes anterior ao de se producir a incapacidade.
4. Prestacións por incapacidade temporal en casos especiais: o Concello de San Sadurniño complementará ata alcanzar, como máximo, o 100% das retribucións que se viñesen percibindo no mes anterior de causarse a incapacidade nos seguintes supostos:
 - Hospitalización
 - Intervención cirúrxica
 - IT sen hospitalización por enfermidades infecciosas, mentais, crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurábeis, así como as enfermidades recollidas no anexo do Real Decreto 1148/2011 ou norma que o substitúa, así como outras incapacidades temporais producidas ata que se produce a curación definitiva da enfermidade recollida no mencionado anexo

- IT sen hospitalización que requira tratamento ou terapia hospitalaria
 - IT derivada de enfermidades intercorrentes, é dicir, complicacións ou doenzas que sobreveñen no curso doutra enfermidade, períodos de recuperación ou postoperatorios
 - IT derivada de lesións de carácter grave, feridas, mutilacións, intoxicacións ou deformidades producidas por accidentes que non teñan a consideración de continxencias profesionais e que requiran un tratamento específico domiciliario ou ambulatorio. Tamén aquelas outras que causen alteracións da mobilidade dos traballadores ou traballadoras, incapacitantes do sistema musculoesquelético, para cuxa recuperación sexa necesario un tratamento específico domiciliario ou ambulatorio
 - IT por enfermidade relacionada con discapacidades recoñecidas e valoradas cun grao do 33% ou superior
 - Incapacidade temporal durante o embarazo
 - IT por causas relacionadas con enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurábeis
 - IT relacionada con procesos oncolóxicos
 - IT por enfermidades contaxiosas que poidan provocar a súa extensión no ámbito do traballo, con prescrición facultativa de illamento
 - Enfermidades do sistema neurolóxico e/ou nervioso, que impidan o normal desenvolvemento das tarefas propias do posto
5. Días de ausencia por mor dunha doenza ou accidente: o Concello de San Sadurniño, no ámbito das súas competencias, e de acordo co establecido na disposición trixésimo oitava da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, regula o número de días de ausencia por enfermidade ou accidente no ano natural aos que non resulta de aplicación o desconto en nómina previsto na disposición adicional citada.

Neste senso, acórdase que o desconto en nómina regulado na DA 38ª citada, non será de aplicación a catro días de ausencia ao longo do ano natural, dos que só tres poderán ter lugar en días consecutivos, sempre que estean motivadas en enfermidade ou accidente e non dean lugar a incapacidade temporal.

Para ter dereito a este beneficio o traballador ou a traballadora terá que presentar a correspondente xustificación da súa ausencia nos termos establecidos nas normas reguladoras da xornada e o horario de aplicación en cada ámbito.

6. Xustificación documental: nos casos recollidos nos puntos 2, 3, 4 e 5 será obrigatoria a xustificación documental acreditable do suposto que dea dereito á compensación económica da prestación por baixa e das retribucións correspondentes.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

7. Entrada en vigor: o presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Soto di que con esta proposta o seu grupo trata de paliar a normativa estatal restrictiva destas prestacións en situación de baixa laboral, e que entrará en vigor tras a súa publicación no BOP.

O Sr. Márquez toma a palabra para manifestar a súa conformidade coa proposta, aínda que polo debatido na comisión resulta que o asunto tratouse con escasa transparencia e non se contou na negociación coa representación do persoal funcionario, ao que se mantén fora da proposta. Deberían mellorarse as condicións de tódolos traballadores, e non excluír da mellora ós funcionarios, o que pode resultar discriminatorio.

No mesmo sentido de reclamar a aplicación da proposta tamén ós funcionarios maniféstase o Sr. López Loureiro.

O Sr. Soto di que non teñen problema en negociar cos funcionarios, previa solicitude formal pola súa parte e cara a cara, non vale pedir que se lles aplique o negociado co persoal laboral, como fixeron por escrito, xa que ese escrito non ten validez de cara a este pleno, porque antes realizáronse xuntanzas nas que o representante dos funcionarios non estivo porque non o solicitou previamente por escrito. Di tamén en relación con ese escrito que, dentro do respecto polo seu contido, chirríalle que se fale de que aplicar un réxime máis favorable ó persoal laboral é ilegal e anticonstitucional. Di que cre na igualdade de dereitos e deberes, pero que algúns traballadores non solicitan previamente os seus días libres, fan varias pausas na súa xornada laboral en lugar de unha ou traballan menos horas das que establece a lei. Di que os veciños merecen máis respecto, porque son quen paga as retribucións en caso de baixa.

O Sr. Márquez di que o que agora se discute é unicamente o tema das retribucións en caso de baixa laboral, e que é claramente discriminatorio aplicar un réxime económico distinto ás baixas laborais dos diferentes colectivos de traballadores do Concello.

Interven finalmente o Sr. Alcalde, para dicir que a proposta é inxusta, pero que ata hai un ano soamente os funcionarios percibían o 100% en caso de baixa. Di tamén que o artigo 14 da Constitución, mencionado no informe de Secretaría do que se deu conta na Comisión Informativa non di nada sobre este asunto, xa que soamente fala de discriminación, por sexo, raza, relixión, etc. Di tamén que xa respostou ó escrito do representante dos funcionarios, indicando que podería ser ilegal aplicar o acordado co persoal laboral ós funcionarios, que non se recibiu solicitude de negociación e que non entende que sexa discriminatorio aplicar a unha parte do persoal do Concello unha regulación máis favorable que ó resto. Indica finalmente que hai que negociar agora para tratar de remediar o que Rajoy e Zapatero lles quitaron ós traballadores, e que o seu grupo tratará de mellorar as condicións de todo o mundo, pero non van tolerar imposicións sen previa negociación



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres abstencións, dos dous concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda aprobar a devandita proposta do grupo de goberno.

OITAVO. MOCIÓN DO B.N.G. PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR.

Dase conta polo Sr. Soto da moción presentada no rexistro polo BNG con data do 30/07/14, que de seguido resume e que literalmente di:

“O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime "vitalicio" e "hereditario" establecido "pola graza de Deus" e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simples mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso consitutínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político. Nos últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza para decidir sobre si propia, sobre os seus sectores produtivos, sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.”

O Sr. Márquez di que se trata dun tema con gran presenza mediática nestes días, e que o máis honesto probablemente sería unha consulta, aínda que pensa que existe unha maioría social que apoia a forma de estado actualmente recollida na Constitución.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. López Loureiro amosa a súa postura contraria ó contido da moción, e da lectura a un escrito que literalmente di:

“O texto da Exposición de Motivos é un auténtico compendio de desatinos e disparates. A modo de exemplo:

- “a monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático”. Noruega, Países Baixos, Suecia, Dinamarca, Bélxica ou Reino Unido son países DEMOCRÁTICOS e están entre os países máis desenvolvidos. A monarquía, por suposto, que é compatible cunha democracia.

- “a monarquía supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo”. No proceso de transición da ditadura á democracia, o rei Xoán Carlos I tivo un papel esencial: no período preconstitucional (1975-1978) logrouse transformar o sistema político coa axuda da gran maioría da sociedade política. Este consenso plasmouse nos Pactos da Moncloa e na Lei para a Reforma Política, aprobada en referéndum o 15 de decembro de 1976, e que deu paso á Constitución de 1978, tamén aprobada en referendo o 6 de decembro de 1978.

- “a monarquía...evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía”. Fronte a esta acusación simplista o que si é indiscutible é o destacado papel que a Coroa desenvolve nas relacións internacionais.

- “a inmensa maioría da poboación non se identifica nin se sente representado pola familia real” é unha afirmación quen non a cren nin vostedes. As enquisas sobre o respaldo á Coroa que están publicando todos os medios de comunicación son boa mostra do contrario.

PROCESO CONSTITUÍNTE

En España o proceso constituínte tivo lugar hai menos de corenta anos, un proceso recente se o comparamos con outros países con máis longa tradición democrática.

Este proceso constituínte contou cun amplo respaldo da cidadanía; foi apoiada pola 87,87% dos votantes, e en Galicia superouse en máis de 1 punto a porcentaxe nacional.

As Constitucións duradeiras proporcionan estabilidade e prosperidade aos países e contan con procedementos de reforma que permiten a súa actualización.

DEREITO DE AUTODETERMINACIÓN

A ONU só avala a celebración de referendos de autodeterminación por parte de pobos:

- coloniais,
- que estean ocupados militarmente,
- ou aos que se lle neguen os dereitos cidadáns.

Polo tanto, trátase dun dereito limitado a procesos de descolonización e aplicable a reximes non democráticos que nada teñen que ver co que está a ocorrer en Galicia. Polo tanto, existe o dereito de autodeterminación, pero como non se pode aplicar a Galicia, entón inventáse o chamado dereito a decidir.

DEREITO A DECIDIR

Se queremos decidir nos asuntos públicos hai un cauce: as eleccións locais, autonómicas, xerais e europeas, así como nos procedementos de referendo fixados pola Constitución.

Ademáis, os tratados internacionais protexen a integridade territorial das democracias de maneira expresa.”



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Soto di que non se trata de cambiar monarquía por república, que hai unha crisis institucional xeralizada que fai precisa unha reforma do modelo de Estado que permita a Cataluña, País Vasco e Galicia decidir se queren ser independentes, pero que non se pode facer porque os dous partidos maioritarios non queren negociar. O Sr. Alclde di que tamén hai outras monarquías ademáis das que se mencionan no escrito do PP, como os países árabes, Burundi e outras, pero son poucas a nivel mundial.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP e unha abstención, do do PSOE, acorda aprobar a moción de que se trata.

NOVENO. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

